

## A literatura galega no exilio

Como consecuencia da Guerra Civil moitos galegos, entre eles escritores, artistas e intelectuais, víronse obrigados a marchar ao exilio. Os países de América, principalmente Arxentina, Uruguai e México, acolleron o maior contingente destes exiliados.

En Buenos Aires e en Montevideo coincidiron moitos escritores, artistas e intelectuais galeguistas que se viran forzados a marchar ao exilio (Castelao, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Luís Seoane, Lois Tobío) con outros que xa estaban establecidos alí antes de 1936, como Blanco Amor, Varela Buxán, Avelino Díaz e Rodolfo Prada. Esta coincidencia axudou a dinamizar a vida asociativa da comunidade galega, reforzou os ideais galeguistas, favoreceu a promoción de múltiples iniciativas culturais e logrou crear o clima apropiado para axudar á supervivencia do galego como lingua escrita.

Noutras cidades de países como México, Estados Unidos, Cuba, Puerto Rico e Venezuela o labor cultural galego foi menor, aínda que conseguiu meritorios e logrados froitos de divulgación e científicos, como a publicación da revista Vieiros (México, 1959), alentada polo cineasta Carlos Velo, o periodista Luís Soto e o poeta Florencio Delgado Gurriarán, e da que foi responsable artístico o pintor Arturo Souto. Hai que destacar tamén os traballos do historiador Emilio González en Estados Unidos, de Xerardo Álvarez Gallego e Fuco Gómez, en Cuba, de Eugenio Fernández Granell, en Puerto Rico, e de Silvio Santiago e Xosé Velo, en Venezuela.

### 1.1 A poesía galega no exilio

A poesía foi o xénero máis cultivado na literatura galega do exilio. Os temas abordados nela reflectían asuntos e problemas dos que sería imposible falar na Galicia daquel tempo, dominada pola represión franquista. Estes temas eran a denuncia social, a reflexión sobre o drama dos emigrantes e dos exiliados galegos, e a reivindicación da dignidade e do pasado histórico de Galicia.

Entre os principais poetas do exilio compre citar a Luís Seoane, Lorenzo Varela, Emilio Pita, Florencio Delgado Gurriarán, Xervasio Paz Lestón, Xosé Conde, Ramón Rei Baltar, Ernesto Guerra da Cal e Avelino Díaz.

**Luis Seoane** (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979) foi unha das personalidades máis activas e creativas da cultura galega no exilio. Defensor da integración de todas as artes, Seoane foi un artista polifacético: pintor, gravador, debuxante, ilustrador, poeta, narrador, dramaturgo, ensaísta, crítico literario e promotor de múltiples iniciativas culturais.

Como poeta deixou os seguintes títulos: Fardel de asilado (1952), que é a primeira mostra importante da poesía social de posguerra, Na brétema, Sant-Iago (1956), As cicatrices (1959) e A maior abondamento (1972).

A súa poesía carece, polo xeral, de recursos estilísticos rechamantes, pois o que pretende eos seus versos é que a súa mensaxe chegue a unha gran maioría de lectores. O ton épico e a preferencia polo verso longo son dous trazos que definen a súa lírica.

**Lorenzo Varela** (La Habana, 1916-Madrid, 1978). Fillo de emigrantes orixinarios de Monterroso (Lugo), iniciou a súa actividade literaria en castelán, colaborando no xornal madrileño El Sol e nas Misiões Pedagóxicas, nos anos anteriores á Guerra Civil. Combateu no bando republicano e, ao acabar a guerra, tivo que se exiliar, primeiro en México e despois en Buenos Aires.

Ademais dalgúns títulos en castelán, en galego publicou Catro poemas para catro gravados (1944) e Lonxe (1954).

Os temas recorrentes da súa obra son as vivencias trágicas da Guerra Civil, o pasado histórico das clases populares, a reivindicación de figuras emblemáticas da Galicia medieval (Roi Xordo, María Balteira e María Pita) e a saudade da terra dos seus antergos. que el contempla desde o exilio.

**Emilio Pita** (A Coruña, 1909-Buenos Aires, 1981) Con apenas doce anos emigrou á Arxentina, onde residiu practicamente o resto da súa vida. De formación autodidacta, desenvolveu un incansable labor na promoción de iniciativas de carácter cultural e galeguista

.A súa obra poética está representada polos seguintes títulos: *Jacobusland* (1942), *Cantiga de nenos* (1944), *Os relembrados. As cantigas* (1959), *O ronsel verdegal* (1964), *Serán* (1974) e, postumamente, *Polos camiños do pobo* (1999).

A denuncia da situación dos emigrantes, o testemuño da traxedia da Guerra Civil e a lembranza emocionada da paisaxe galega son os temas máis recorrentes na súa obra.

## 1.2 A narrativa galega no exilio

A narrativa galega do exilio amosa unha clara preferencia polos temas da Guerra Civil, abordados desde unha perspectiva memorialista e nun ton de denuncia testemuñal duns feitos vividos polos propios escritores. Os autores máis destacados que cultivaron este xénero foron Ramón de Valenzuela, Silvio Santiago, Antón Alonso Ríos e Antonio Fernández Pérez.

Antón Alonso Ríos (Silleda, 1887-Buenos Aires, 1980) relatou a súa vida de fuxido, disfrazado de esmolante portugués, na novela *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979).

O día 12 pasei pola Cañiza. En dúas casas onde pedín déronme, en cada unha, unha cadela. Seguín adiante. Denantes de chegar a Melón crucei coa xente e informáronme de que en Quins había unha casa en que daban pousada! [...] O dono da pousada tiña un carpinteiro que estaba facéndolle certos arranxos nunha porta. Sentei preto de onde estaba a traballar o carpinteiro, ao mesmo tempo que parolaba co dono. Con toda cautela ían referíndose ás cousas que estaban a acontecer: díxose, sóubose, tense ouvido... referíndose a mortos, desaparecidos e, moi polo babeo, a certos feitos que producían arrepío. O carpinteiro, na conversa, e referíndose a min, trouxo a conto a obriga de levar documentos. Sentín friaxe. Por sorte, o patrón non se deu por informado.

Despois da súa morte apareceu *Nidia* (1992), un libro que viu a luz moito despois de que o escribise, e no que reflicte as súas preocupacións relixiosas e filosóficas.

**Silvio Santiago** (Vilardevós, 1903-1974). Despois de estar preso durante a Guerra Civil por mor da súa actividade sindicalista, logrou fuxir a Portugal e despois a Caracas. Escribiu dúas novelas memorialísticas: *Vilardevós* (1961), sobre a súa infancia na aldea natal, e *O silencio redimido* (1976, póstuma), na que recrea as súas experiencias durante a guerra, a súa detención e a posterior fuxida ao exilio.

Antonio Fernández Pérez (Río de Janeiro, 1909) recrea en *Terra coutada* (1990) a experiencia dun mestre galeguista que foxe a Portugal durante a Guerra e despois embarca para o exilio americano. Trátase dunha novela longa que o autor escribirá arredor de 1950, pero que non se publicou daquela por mor da censura. En 1994 apareceu a súa narración *Crónicas de onte e de hoxe*.

• **Ramón de Valenzuela** (Silleda, 1914-Sanxenxo, 1980). Na súa mocidade formou parte do Partido Galeguista e, despois da guerra, tras pasar polos cárceres franquistas, instalouse en Buenos Aires, onde desenvolveu unha intensa actividade cultural.

Publicou unha novela na que recrea experiencias vividas durante a guerra, *Non agardei por ninguén* (1957). En *Era tempo de apandar* (1980) narra as súas vicisitudes despois da guerra. Tamén nos deixou un libro de relatos, *O Naranxo* (1974), editado en Madrid polo grupo Brais Pinto. Nalgúns destes contos podemos albiscar elementos autobiográficos:

O Ciclón era un cabalo que naceu na casa. Tiña tres anos menos ca min. [...] O Ciclón e mais eu criámonos xuntos e tiñámonos moito agarimo. [...] Pasaron moitos anos. Xa eu era un home feito. Cando rematou a miña xeira polo estranxeiro, despois da guerra, veume ver á cadea de Ávila meu irmán e preguntei- lle polo Ciclón.

Meu irmán non me quería dicir, pero despois faloume claramente:

-Naquel embarullamento, xa sabes. Ás veces fanse cousas que despois pesan. Chegou un arrieiro masidao e levouno por mil pesetas. Xa era moi vello, case que se non movía. -O Ciclón era da casa. Nacera na casa. Tiña que morrer na casa -díxenlle agarrándome á reixa que nos arredaba-; foi cousa fea vender o pobre animal. Meu irmán baixou a vista e consentiu comigo. Logo engadiu:

-Prometeron traíalo ben. Parecía boa xente.

### 1.3 O teatro galego no exilio

No teatro do exilio conviven dúas tendencias: unha de tipo culto, con técnicas e temas de carácter innovador, representada por autores como Castelao ou Luís Seoane e outra de tipo máis popular, enxebrista e costumista, representada por dramaturgos como Manuel Varela Buxán ou Ricardo Flores. Outros autores representativos do teatro no exilio foron Eduardo Blanco Amor, Isaac Díaz Pardo e Alfonso Gayoso.

\* **Alfonso D. Rodríguez Castelao** (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) estreou en Buenos Aires a súa única peza teatral *Os vellos non deben de namorarse* (1941). Con ela culminou o camiño de renovación estética do teatro galego que no primeiro terzo do século XX iniciaran as Irmandades da Fala e o grupo Nós. As liñas básicas da súa concepción teatral resúmense nos seguintes puntos:

gusto pola expresión concentrada e pola simetría estrutural,

simbolismo e expresionismo combinados con elementos do humor e da tradición cultural galega,

preferencia por un teatro de protagonismo popular, e

concepción da obra dramática como un espectáculo integral no que se combinan texto, escenografía, música e danza.

Os vellos non deben de namorarse divídese en tres «lances» ou actos independentes entre si, precedidos dun prólogo que os unifica, e seguidos dun epílogo, no que conflúen as tres historias.

A obra presenta tres versións diferentes dun mesmo esquema dramático: un vello que se namora dunha muller nova e a imposibilidade destes amores, que acaban coa inevitable morte do vello. En cada lance ou acto hai uns caracteres fixos: o vello namorado, a moza, o mozo rival do vello e a morte.

**Eduardo Blanco Amor** (Ourense, 1886-Buenos Aires, 1950), ademais de ser autor dun importante número de obras teatrais, desempeñou un destacado labor como director e adaptador teatral durante varios anos en Buenos Aires. O conxunto das súas pezas dramáticas está reunido en dous volumes: *Farsas para títeres* e *Teatro pra axente*, que xa estudaches na páxina 213.

**Manuel Varela Buxán** (A Estrada, 1909-Lalín. 1986) foi un dos principais animadores do teatro galego na Arxentina. Actor e director en varias compañías dramáticas, escribiu numerosas pezas teatrais. todas elas de corte costumista e humorístico, aínda que non exentas de certa crítica social e anticaciquil. Algúns dos seus títulos máis representativos son *A xustiza dun muiñeiro* (1971), *Se o sel ... non volvo á casa* (1971), *O ferreiro de Santón* (1975) e *O cegó de Fornelos* (1981).

**Luis Seoane** (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979) escribiu tres pezas dramáticas: *A soldadeira* (1957), *Esquema de farsa* (1957) e *O irlandés astrólogo* (1959).

Ricardo Flores (Sada, 1903-Buenos Aires, 2002), vinculado ao centro coruñés de Buenos Aires, escribiu algunhas pezas teatrais como *Mai e filia* (1934) e *Catro estampas de beira-mar* (1961).

## 1.4 O ensaio galego no exilio

Moitos autores continuaron no exilio en América o labor de impulso e consolidación que os compoñentes do Grupo Nós te do Seminario de Estudos Galegos lle imprimiran ao ensaio en lingua galega antes do estalido da Guerra Civil. Entre eses autores convén citar, pola relevancia da súa obra, a Castelao, Antón Alonso Ríos, Xosé Núñez Búa, Lois Tobío, Bieito Cupeiro e Xerardo Álvarez Gallego.

Castelao publicou en Buenos Aires *Sempre en Galiza* (1944) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950); a primeira, na que sintetiza o seu pensamento político, está considerada como un dos referentes básicos do xénero ensaístico en galego.

**Antón Alonso Ríos** (Silleda, 1887-Buenos Aires, 1980) expon o seu ideario de perfil claramente nacionalista en dous volumes titulados *Co pensamento na patria galega* (1942), unha escolma da súa produción xornalística que leva un prólogo de Castelao, e *A cultura galega na súa dimensión ameñacán* (1961).

**Xosé Núñez Búa** (Pontevedra, 1897-La Plata, 1980) fundou o «Instituto Argentino de Cultura Gallega» e colaborou en diferentes medios de comunicación escritos da emigración en Arxentina. Publicou *Vida e paixón de Castelao* (1950) e *Revoeira* (1971).

Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906-Madrid, 2003) viviu o exilio en Montevideo onde despregou unha intensa actividade galeguista. Destacan os seus traballos históricos -varios artigos e un libro- sobre o conde de Gondomar. Foi tamén tradutor de poesías e de teatro do inglés e do francés ao galego. Nos últimos anos da súa vida publicou un volume de memorias, *As décadas de T.L.*, considerado un dos mellores libros no seu xénero.

**Bieito Cupeiro Vázquez** (Fene, 1914-Buenos Aires, 1993) en *A Galiza de alén mar* (1989) recrea a vida dos emigrantes galegos e as iniciativas políticas e culturais que levaron a cabo. Na súa obra *Xornes* (1987) relata aspectos da súa aldea.

Xerardo Álvarez Gallego (Ourense, 1899-Miami, 1986). Foi biógrafo e xornalista. A súa obra máis relevante foi *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1973), biografía e crónica do asasinato en 1936 de quen fora o seu cuñado.

## ESCOLMA DE TEXTOS

### Lance terceiro. Escena I

Fondo negro e chan negro. Aparece Pimpinela sentada, coa

nai á súa dereita e o pai á súa esquerda.

A NAI: Anda Pimpinela! Anda miña variña de abelao!

PIMPINELA: Non!

NAI: Non reparas na que che espera se te casas con ese cuspe? Vivires nunha terroeira como esta, andares coma min. Chegares do traballo feita un esterco, sen roupa que mudar, sen frescuriña para botares no xergón de casulo...

PIMPINELA: Non!

NAI: Ai, meu caravel de cera! ¡Ai, como te deixaches rular por un pito cairo! ¡Ai de ti, se non te coutas!

Andarás sempre co corazón enloitado, sen pan no forno, sen lume na lareira, sen estrume na corte.

Mirrada de frío e chuchada de fame.

O PAL Faille caso a túa nai, Pimpinela!

PIMPINELA: Non!

NAI: Esvaeranse as cores que che pintou Noso Señor á mantenta. Deixarás de ser mazan e cereixa.

Troca- raste nun figo merado. Cuberta de remendos, torrada pola raxeira, a fuxires dos espellos para non verte. En troques...

PAI: En troques, se lie pos cara ao señor Fuco...

PIMPINELA: Non!!

NAL Que dis, toliña! Quen te cegou para non veres a regalía do mundo? Quen che botou terra nos ollos? Esperta!

PIMPINELA: Non!

PAL Queres ser un baldreu coma moitas?

NAI: Quérenche poñer brincos de ouro e ti queres piollos de miseria! Quérenche dar onzas recortadas e prefires lixos do ar! Ai, miña flor da gala, abre os ollos! Xa quixeran as filias dos máis principais!

PAI: Xa quixeran elas!

PIMPINELA: Non!

NAI: Terías unha casa de vinte fiestras e unha solaina: terías criadas e criados ao teu servizo; terías fartura de pan, de viño e de todo canto pode dar a terra.

PAI: Dúas xuntas de bois e sete vacas.

NAI: Arderían carballos enteiros para que a túa parrumeira botase fume e o señor Fuco cegaríase coa túa fermosura.

PAI: E todos sairíamos desta pobreza.

NAI: Arcas acuguladas de lenzo, armarios cheos de roupa, e ti a rir sempre coma se foses unha fidalga. ¡Anda meu luceiro!

PAL E que diaño! O señor Fuco é un vello e cando lle chegue a súa hora, xa verás ti como chaman na túa porta os mellores mozos da parroquia.

NAI: O señor Fuco é un home de ben e anda ceguíño por ti, ¡e valo desprezar, meu corazón! O pai volve a tusir para impor respecto.

NAI: Serás quen de desbocares o consello de teus país? Unha filia tan boa coíha ti...! Deixa ese mozo, Pimpinela! [...] Boeno, miña filliña, boeno. Xa o pensarás mellor. [...] Compara, miña filia, e cavila no que che espera con un e co outro. Dunha banda, o rir, e da outra, o chorar.

PAL O día e a noite. O pan e a fame. Escolle!

Os vellos non deben namorarse (final)

SEÑOR FUCO: Ningún de vós morreu tan adocido coma min. Ti, Saturío, adormentácheste con xaropes da túa botica, para morreres sen dores. Tí, Ramón, morriches atordoado polo viño e non te decataches do pasamento. A miña morte foi arrabeada. Morrín coma un can da rabia, coma quen olla unha fonte de auga pura e non pode bebelo. Eu morrín de sede. ¡Morrín por namorarme de vello!

Cantan os galos e tanxen os sinos dunha igrexa lonxana.

DON RAMÓN: ímonos deitar.

BOTICARIO: ímonos.

(Báixanse do valado e saen paseniñamente da escena, un após do outro.)

señor Fuco: ¡Por namorarme de vello! boticario: ¡Por namorarnos de vellos!

Cae o paño

Manuel Ponte

Berraron os osos brancos do luar, os eixos da terra víronos berrar. Pola túa morte, polo pulo teu, camiño dun novo, limpo, eterno ceo.

Choraron as serras,  
choraron os toxos e chorou o pan.

Mais houbo, Manuel, nas árbores, na auga,  
na luz das mañás,

na fouce do raio tras de lostregar,

coma un xuramento de homes a xurar:

Pola túa morte a loitar, a loitar!

Ti fuches a ponte do río de Deus, a ponte do pobo dos teus e dos meus! E por iso estala como estala un cantar a espada das verbas ardentes do lar:

Pola túa morte a loitar, a loitar!

LORENZO VARELA, Lonxe. (Adaptación)

## Era tempo de apandar

Sáín e, aos poucos pasos, encarei de súpeto cun compañeiro de facultade vestido de falanxista con insignias de xefe local:

-Ola!

-Ola!

-Aínda vives?

-Pois parece que si.

-A min parécese que non debías de vivir.

-A opinión dos que me xulgaron foi outra.

-Que viñeches facer aquí?

-É un interrogatorio?-, díxenlle serio.

-Contesta o que che pregunto -dixo imperativo coas mans nas pistolas. Outros dous falanxistas puxéronse a pouca distancia de nós.

-Veño de viaxante de comercio. Dos Laboratorios Nor-Occidentais. Vendo raticida.

-Como podo saber que dis a verdade?

-Pregúntalle a Ismael, el mercoume algo. Ademais teño unha credencial.

-Ven comigo. Eu non me fío de credenciais que poden ser falsas.

Os dous falanxistas achegáronse algo máis. Non tiña opción de me negar. Entramos no

establecemento de Ismael e axiña chegou, con cara sorrinte, o mesmo que me atendera antes. A miña situación era claramente de arrestado, máis que nada pola seriedade e dureza de vista na cara do meu arrestador.

-Que pasa? Ocorre algo? -dixo o comerciante virándose serio tamén.

-Ti mercácheslle algo a este?

-Pois si, merqueille un raticida. Que problema hai? .

-E sabes quen é este?

-Parécese telo visto nalgunha ocasión, mais, en realidade, non sei.

-Por se non o sabes, voucho dicir eu. Este é un roxo separatista, deses que andaban á beira de Castelao e non entendo por que o ceibaron da cadea.

*R. DE VALENZUELA, Era tempo de apandar. (Adaptación)  
Ramón de Valenzuela foi membro do Partido Galeguista e secretario de Castelao ata a morte deste. Esta novela, igual ca a autobiográfica Non agardei por ninguén, é un dos moitos textos inspirados no golpe de Estado de 1936 e nas súas tráxicas consencuencias*

## Memorias dun fuxido

O día 12 pasei pola Cañiza. En dúas casas onde pedín déronme, en cada unha, unha cadela. Seguín adiante. Denantes de chegar a Melón crucei coa xente e informáronme de que en Quins había unha casa en que daban pousada! [...] O dono da pousada tiña un carpinteiro que estaba facéndolle certos arranxos nunha porta. Sentei preto de onde estaba a traballar o carpinteiro, ao mesmo tempo que parolaba co dono. Con toda cautela ían referíndose ás cousas que estaban a acontecer: díxo-se, sóbose, tense ouvido... referíndose a mortos, desaparecidos e, moi polo baixo, a certos feitos que producían arrepío. O carpinteiro, na conversa, e referíndose a min, trouxo a conto a obriga de levar documentos. Sentín friaxe. Por sorte, o patrón non se deu por informado.

*A. ALONSO RÍOS, O señor Afranio ou como rispei das gadoupas da morte. (Adaptación)*

*Antón Alonso Ríos foi deputado galego nas Cortes en 1936, Desde o comezo da Guerra, e para salvar a vida, tivo que andar tres anos disfrazado de esmoleiro e traballando como criado de labranza, antes de fuxir para Bos Aires a través de Portugal,*

## Emigrantes nunha data calquera

De alá saímos os senlleiros, os inadaptados,  
os condeados inxustamente, os que procuran o pan,  
os xogadores, os perseguidos, os arrichados,  
tamén o xusto, o argalleiro, o luxurioso, o san,  
e as ponías fluorescentes das liñaxes abafadas.  
O vento empurrou as barcas dos emigrantes no mar  
cara a estas grises lonxanas cidades de engano  
feitas de présa, de aceiro, de cemento, sen ar,  
por almas lixadas de números, de ouro estraño,  
enxoitas polo despoxo e o constante trafegar.  
Apiñoados polas rúas, nos subterráneos, da cor  
lourida dos osos, amarelo máis ben das caveiras,  
axúntanse uns cos outros, empezándose, por mor  
da puntualidade no emprego. Sempre ás carreiras  
nestas cidades comerciais, patrias da cobiza, sen amor.  
Aquí viñemos todos ao caso, vivindo esgazados  
dos costumes coñecidos, do acento común, da canción  
labrada polos avoengos e o tempo. Vivindo mudados  
nunha xeografía diferente, polos negocios, a corrupción,  
que da terra de orixe farannos cicais pra sempre desleigados.

L. SEOANE, Fardel de eisiliado. (Adaptación)

### Castelao no exilio

Pedimos que a nosa Terra sexa nosa. Porque somos fillos déla. Porque ninguén máis pode gobernala. Porque ninguén máis pode cumprir a súa misión histórica. Porque levamos o seu nome polo mundo adiante. Porque queremos cumprir a postremeira manda dos nosos irmáns: os que deron a vida pola liberdade.

A nosa Terra é nosa. Xa se ten dito moitas veces. Máis agora dicímolo nós, os desterrados. Os desterrados que vivimos en liberdade. Dicímolo en nome de moitos miles de galegos que andan polo mundo.

Dicímolo, tamén, en nome de moitos miles de desterrados na propia Terra, dos que agardan por nós, dos que viven como fillos da propia morte, contando o tempo por noites. A nosa Terra é nosa. Nada máis que nosa. Porque somos os únicos capaces de darlle luz á súa noite, pan ás súas demandas, dignidades á súa vida. Porque somos os únicos capaces de enxugar as súas bágoas de dor.

A nosa Terra é nosa. De quen máis podía ser? Dos que a aldraxan? Dos que lle negan a fala e o pensamento? Dos que a encadean? Dos que a rouban? Dos que asasinan os seus fillos máis queridos? Dos que a ensumiron na ignorancia? Dos que a queren vender como escrava? Dos que lle negan o dereito a ser libre?

A. D. R. Castelao, Sempre en Galiza. (Adaptación)









